

O COCIÑEIRO DOS ULTIMOS DESEXOS

Yōjirō Takita, 2017

581

ESTREA EN NUMAX: 23.08.2019 | V.O.S.E. | +12

Kirin no shita no kioku (2017, 126')

Dirección: Yōjirō Takita

Guión: Tamio Hayashi (Novela: Keiichi Tanaka)

Elenco: Kazunari Ninomiya, Gou Ayano, Yoshi Oida, Hidetoshi Nishijima, Aoi Miyazaki, Daigo Nishihata, Yutaka Takenouchi

Fotografía: Yoshinori Oshima

Produtora: Pipeline (Xapón)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Xaponés, chinés, ruso

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Despedidas, 2008

La espada del samurai, 2003

The Ying Yang Master, 2001

Secret, 1999

Made in Japan, 1993

Comic Magazine, 1986

SINOPSE

Mitsuru Sasaki é un cociñeiro de talla mundial que perdeu a paixón polo seu oficio. Aínda que pode cociñar calquera prato téndoo probado unha soa vez, o seu restaurante quebrou debido ao seu carácter extremadamente perfeccionista.

«Magnificamente filmado.
Para os amantes
da gastronomía»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Degustar un prato a través da pantalla

Por Elena Ramos Nieves

Existe en Xapón o que despois de moitos anos está considerado como un xénero en toda regra: o cómic gastronómico. Nestes libros, toda historia xira arredor da cociña e a comida, o pracer de degustar un prato moi concreto, de paliar a fame agasallando experiencias ao padal. Alí, é todo un éxito que conta cunha chea de lectores fieis, tantos que xa podemos ver programas ou series de televisión tentando captar esa mesma sensación: a evocación de degustar un prato a través do papel ou a pantalla.

Obra resultado da adaptación da novela de Keiichi Tanaka, o director Yōjirō Takita tece unha trama que se desenvolve por varias épocas nun territorio influenciado por tres culturas diferentes (a xaponesa, a chinesa e a rusa) e relata a historia dun cociñeiro que cambiou a vida de quen o rodeou. A narración está protagonizada por grandes temas como a familia, a amizade, a busca da perfección, as diferenzas políticas, os segredos xeracionais... todos unidos por un único tema: a cociña.

(...) *O cociñeiro dos últimos desexos* é entretida, conmovedora, a ratos algo artificiosa pero finalmente gozosa

en maior medida. Temos ante nós un filme gorentoso, cunha calidade visual e sonora capaz de achegarnos á propia mesa, explotando as posibilidades do cinema en relación coa gastronomía. É a representación máis fiel do gusto oriental pola estética gastronómica, a admiración polo ben presentado e o suxestivo. A piques estamos de ulir os pratos que vemos cociñar ante nós.

Así consegue Takita algo aínda máis grande: unir o cinema e a gastronomía como poucas veces antes se viu. Nunca se estivo tan preto de transmitir o sabor ao espectador. O filme gózase máis en pantalla grande, cun gran despreague de planos detalle, exquisita fotografía e un son que te envolve con cada bocado. Logra que o recordo de cada prato fique na cabeza do mesmo xeito que lle sucede ao gourmet logo de visitar un bo restaurante.

Só unha advertencia: o pracer pode resultar tortuoso para quen asista á sala de cinema con fame. A duración do filme ronda as dúas horas, tempo de abondo para que brúen os estómagos menos previsores.

Atopámonos ante unha fita de visionado indispensábal para quen goce do xénero gastronómico, para quen simplemente sexa afeccionado aos contidos relacionados coa cociña ou quen queira vivir unha experiencia diferente. Un filme agradábel que pode combinarse cunha posterior visita a un bo restaurante oriental. Tomen nota.

Publicado en <https://cinemagavia.es>

O director

Yōjirō Takita (Toyama, Xapón, 1955) é un prolífico cineasta cuxos inicios na industria nipona tiveron lugar na década dos 70 como asistente de Mukai Productions. O seu primeiro éxito chega en 1986 coa comedia xornalística *Comic Magazine* para a continuación adentrarse noutros xéneros populares como o fantástico (*Secret*, 1999), o cinema de acción (*The Ying Yang Master*, 2001) ou o filme de samurais (*La espada del samurái*, 2003). A sona mundial de Takita chega en 2008 con *Okurubito (Departures)*, emocionante historia dun violonchelista en declive que gañou o Oscar ao mellor filme de fala non inglesa, sendo na altura o primeiro filme xaponés en acadar tal recoñecemento.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

